

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 09 de decembro de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. ( EXP. REF 36-2015)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### 2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** é prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo

b) **Prazo de execución:** O prazo de execución do servizo será de DOUS ANOS contados dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimientto:** aberto

#### 4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato, tendo en conta a súa duración total e as posibles prórrogas ascende á cantidade de 8.936.603,52 € (OITO MILLÓNS NOVECENTOS TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS TRES EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS)

Os prezos/hora determinados polos servizos municipais son os seguintes:

Hora ordinaria: 14,43 euros mais 4%IVE (0,58 euros). Total: 15,01 euros, IVE incluído.

Hora extraordinaria: 14,69 euros mais 4% IVE (0,59 euros). Total:15,28 euros, IVE incluído.

Ver cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares

#### 5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

#### 6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de cláusulas administrativas (ver cláusula sexta )

#### 8. Condiciones especiais de execución: Ver cláusula décimo sétima

#### 9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

**10.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**11.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**12.- Gastos dos anuncios:** 152,88 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 9 de decembro de 2015.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4505

---

### *Anuncio*

A través do acordo 14/717 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil quince, se modifica a cláusula décimo segunda (parágrafo 3) das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo.- Exercizo económico 2015, a cláusula sétima das bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas económicas a persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado. Exercizo económico 2015 e o artigo 6 das bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade no eido dos Servizos Sociais e se designan ós membros da Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento: ONG, quedando do seguinte teor:

“PRIMEIRO.- Modificar a cláusula décimo segunda (parágrafo 3) das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo.- Exercizo económico 2015 no referente á composición da comisión de avaliación quedando co seguinte teor:

A Comisión de avaliación, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

Presidente: Un / unha técnico/a municipal adscrito/a ao servizo de Benestar social e Igualdade ou persoal que o substitúa

Vogais:

- A persoa que desempeñe o posto de director Xerente de EVISLUSA, con voz e sen voto.
- Arquitecta/o de EVISLUSA, con voz e sen voto.
- Un traballador/a social do Concello, adscrito/a á Área de Benestar Social.
- O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaría) ou persoa que o substitúa.

Un/ha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.

Secretaria/o: Un/ha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

- Coñecer e aprobar o informe de avaliación elaborado por EVISLUSA sobre o número de solicitudes presentas, as valoradas, as incidencias nas valoracións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.
- Requerir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios.

Correspóndelle á unidade administrativa elevar, en consonancia co informe da comisión, a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

SEGUNDO.- Modificar a cláusula sétima das bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas económicas a persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado. Exercizo económico 2015 no referente á composición da comisión de avaliación, así a cláusula sétima quedará coa seguinte redacción: